



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

Secretaría Xeral

EXPEDIENTE.- 2022/X999/000051

Expediente Decreto.- 2025/G003/001336

PROCEDIMIENTO.- Procedimiento Genérico. Expediente de Elecciones.-

Asunto: Corporación 2023-2027. NOMEAMENTO DOS CONCELLLEIROS E CONCELLLEIRAS DO EQUIPO DE GOBERNO, DELEGADOS DA ALCALDÍA (V3).-

Na Casa do Concello de Arteixo (A Coruña), o Sr. Alcalde-Presidente, D. Carlos Calvelo Martínez, ante min, Secretario Xeral, dictou a seguinte:

RESOLUCIÓN

Constituída a Corporación Municipal en data 17 de xuño de 2023, consonte co resultado das eleccións municipais celebradas o día 28 de maio de 2023.

De acordo co establecido no art. 43 do ROF e 11 e seguintes do regulamento orgánico municipal, a alcaldía pode realizar delegacións xenéricas das súas atribucións a favor dos membros da Xunta de Goberno Local, que estarán referidas a unha ou varias areas ou materias determinadas, delegación que pode alcanzar tanto a facultade de dirixir os servizos correspondentes como a de xestionalos incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Así mesmo o alcalde poderá efectuar delegacións en calquera concelleiro para a dirección e xestión de asuntos determinados, incluíndo a de emitir actos que afecten a terceiros limitada á xestión ou execución do asunto determinado de que se trate. Asemade, poderán ser delegados determinados servizos

Todas estas delegacións deben ser resoltas mediante decreto da alcaldía que conterà o ámbito dos asuntos a que se refire a delegación as facultades que se delegan así como as condicións específicas de exercicio das mesmas, na medida en que se concreten ou aparten do réxime xeral previsto na normativa.

Polo tanto, e de conformidade coas atribucións que me confiren os artigos 21 e 23 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e os artigos 43, 44 e 46 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico da Entidades Locais, polos artigos 61 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e polos artigos 11 e seguintes do Regulamento orgánico municipal así como demais concordantes e de xeral aplicación, pola presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Modificar o Decreto de delegación asinado o día 21 de xuño de 2023 con número 2027/2023, de xeito que queda redactado como segue:

“PRIMEIRO: Atribuir as seguintes delegacións aos concelleiros do equipo de Goberno.

CONCELLEIRO DE PERSOAL E SEGURIDADE CIDADÁ: DON JOSÉ MARÍA SÁNCHEZ NOVO

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

CONCELLEIRA DE IGUALDADE, SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E EDUCACIÓN: DONA INÉS RAMOS ÁLVAREZ

CONCELLEIRO DE URBANISMO: DON LUIS ALBERTO CASTRO CALVETE

CONCELLEIRA DE MAIORES, ACTIVIDADES SOCIAIS Y PARTICIPACION CIDADÁ: DONA JOSEFA ZAS SUÁREZ.

CONCELLEIRO DE ECONOMÍA E FACENDA: EMILIO MACEIRAS LÓPEZ

CONCELLEIRO DE OBRAS: JOSÉ MANUEL CAAMAÑO VARELA

CONCELLEIRA DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO, TURISMO E NOVAS TECNOLOXÍAS: DONA PATRICIA AMADO VARELA

CONCELLEIRO CON DELEGACIÓN ESPECIAL DE MEDIO AMBIENTE: DON VÍCTOR MERELAS GARCÍA

CONCELLEIRO CON DELEGACIÓN ESPECIAL DE MEDIO URBANO E MEDIO RURAL: DON JOSÉ ANTONIO CALVELO AÑÓN

CONCELLEIRA CON DELEGACIÓN ESPECIAL DE DEPORTES: DONA PURIFICACIÓN ZAS RODRÍGUEZ

CONCELLEIRO CON DELEGACIÓN ESPECIAL DE SERVIZOS MUNICIPAIS: DON JOSÉ MANUEL PENA SANMARTÍN.

CONCELLEIRA CON DELEGACIÓN ESPECIAL DE CULTURA E XUVENTUDE: MARÍA DOLORES DUBRA LÓPEZ

CONCELLEIRO CON DELEGACIÓN ESPECIAL DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E FESTAS : DON ÁNGEL VÁZQUEZ SANDE

O eido competencial material de ditas delegacións virá determinado polo alcance la lexislación sectorial na que se subsuma o título da delegación.

Corresponde ao Alcalde, oídos os concelleiros e concelleiras delegados correspondentes, resolver as dúbidas que poidan xurdir relativas á competencia sobre un determinado asunto cando este teña carácter transversal de sorte que, dependendo do punto de vista que se adopte, puidese ser adscrito a varias Concellerías delegadas, asignando o mesmo á Concellería delegada que estime procedente, en base a criterios razoables e de interese municipal.

SEGUNDO: Alcance das delegacións xerais

As delegacións xenéricas comprenden todas aquelas facultades, dereitos e deberes referidos á materia delegada que corresponden ao Alcalde e que sexan susceptibles de delegación e que non haxan sido delegadas na Xunta de Goberno Local.

Os concelleiros delegados terán amplas facultades para dirixir as materias obxecto de delegación así como para xestionalos en xeral, podendo no seu ámbito ditar actos administrativos definitivos con plenos efectos a terceiros.

Concretamente, asumirán a impulsión dos servizos así coma o ditado dos actos administrativos que poñan fin á vía administrativa, tanto no relativo á actividade prestacional, de intervención ou servizos públicos aos que se estende a delegación, coma

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

na xestión dos recursos materiais e persoais adscritos aos mesmos, sempre que non estean expresamente atribuídos a outras concellerías.

De xeito particular, as delegacións abranguerán a contratación menor de servizos e subministracións e o outorgamento de autorizacións demaniais para o uso de recintos ou locais afectos ao servizo.

TERCEIRO: Alcance das delegacións de cometidos especiais

As delegacións para cometidos especiais comprenden a dirección e impulsión do servizo obxecto de delegación, incluíndo a emisión de actos de trámite, propostas de resolución e actos que poñan fin á vía administrativa sempre que non afecten a terceiros.

O ditado de resolucións que poñan fin á vía administrativa e afecten a terceiros, corresponderá ao concelleiro delegado competente por razón da materia. Non obstante, a delegación especial abranguerá a contratación menor de servizos ou subministracións e o outorgamento de autorizacións demaniais para o uso de recintos ou locais afectos ao servizo.

CUARTO: Especialidades das diferentes delegacións

TENENTE DE ALCALDE E CONCELEIRO DE PERSOAL E SEGURIDADE CIDADÁ: DON JOSÉ MARÍA SÁNCHEZ NOVO

Delegación xenérica en materia de persoal municipal e recursos humanos, organización e réxime interior, coordinación entre departamentos, xunto coa prevención de riscos laborais e saúde laboral. En materia de seguridade cidadá, inclúe a delegación a coordinación da actuación da policía local, tráfico e seguridade vial, así como a coordinación do servizo de bombeiros e extinción de incendios e protección civil, na que se inclúe as medidas de prevención da vespa velutina.

En materia de policía administrativa, asumirá o exercizo da potestade sancionadora en materia de tráfico e seguridade cidadá así como pola infracción das ordenanzas municipais de convivencia cidadá.

Asumirá a adopción das medidas para a seguridade de edificios e bens municipais, así como as competencias municipais en relación co sector do taxi e a expedición das tarxetas de estacionamento para persoas con minusvalías.

Asumirá a adopción de resolucións de selección de operacións financiadas con fondos EDUSI, así como o establecemento das condicións da axuda (DECA)

Compételle asemade o outorgamento de autorizacións demaniais para o uso de recintos ou locais afectos ao servizo así coma a autorización para a ocupación do dominio público de duración de até sete días.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

En materia de persoal non estarán incluídas na delegación, mantendo a competencia a Alcaldía-Presidencia dos seguintes aspectos:

- A potestade disciplinaria sobre o persoal municipal.
- A distribución das retribucións complementarias que non sexan fixas nin periódicas, así como as gratificacións por servizos extraordinarios.
- Resolucións relativas ás situacións administrativas dos empregados públicos.
- Procedementos de selección e provisión de postos de traballo: convocatoria e aprobación das bases de procedementos de selección ou provisión.
- Nomeamentos e cese de persoal funcionario e laboral

TENENTE DE ALCALDE E CONCELLEIRA DE IGUALDADE, SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E EDUCACIÓN: DONA INÉS RAMOS ÁLVAREZ

Delegación xenérica en materia de igualdade e medidas de loita contra a violencia de xénero, servizos sociais, sanidade e educación.

Incluirá a planificación dos recursos municipais adicados á educación e a sanidade. Asume asemade a tramitación e xestión de recursos de benestar, os programas de atención ás familias e infancia, así como implantación, seguimento e coordinación de programas de información, orientación e asesoramento a usuarios dos servizos sociais municipais, incluíndo medidas e programas de inclusión e inserción social, así como prestacións económicas e outros trámites municipais que contén como destinatarios últimos a colectivos vulnerables, como por exemplo a xestión de procedementos coas residencias da terceira idade e centros de día, medidas en relación co transporte adaptado, e CIM. Se delega expresamente a aprobación da concesión e xustificación das axudas de emerxencia social e para a inserción social e axudas de apoio á mobilidade para persoas con diversidade funcional e/ou con dependencia acreditada en canto que requiren unha tramitación sumamente áxil pola natureza das prestacións de que se trata.

Incluirá a xestión, coordinación e dinamización dos centros sociais para o desenvolvemento de asuntos en materia de igualdade, servizos sociais, sanidade e educación. Se inclúe a implementación de programas socioeducativos, a xestión e organización das escolas infantís e a coordinación e planificación xeral das competencias educativas xunto con cada un dos representantes municipais nos Consellos Escolares, así como dos centros de educación secundaria e formación profesional, entre outras relacións coa comunidade educativa; en concreto servizos complementarios como transporte escolar, comedores, ou programación extraescolar, poñendo especial énfase nas medidas que potencien a conciliación das familias coa vida laboral e o coidado dos menores. Incluirá a xestión da ludoteca municipal, así como a Escola municipal de música.

Asemade, delégase a contratación menor de obras de conservación e mantemento dos edificios afectos a educación.

TENENTE DE ALCALDE E CONCELLEIRA DE MAIORES, ACTIVIDADES SOCIAIS E PARTICIPACIÓN CIDADÁ: DONA JOSEFA ZAS SUÁREZ

Delegación xenérica en materia de maiores e actividades sociais dirixidas á terceira idade. Inclúe a mesma a tramitación e xestión de recursos de benestar e programas de atención destinados á mellora da calidade de vida de este grupo poboacional, garantindo mediante medidas concretas o envellecemento activo e saudable con accións destinadas á mellorar a súa autonomía persoal. Inclúe a xestión de recursos para dar resposta ás necesidades deste colectivo de persoas maiores, subministrando información e xestionando programas e recursos municipais para a terceira idade, organizando actividades de formación, ocio e tempo libre, voluntariado, asociacionismo de maiores, entre outros.

Asumirá a xestión, coordinación e dinamización dos centros sociais para o desenvolvemento de asuntos en materia maiores e actividades sociais delegadas a esta concellería.

Asemade, implementará unha real participación cidadá nos asuntos públicos do municipio e a relación coas entidades asociativas, salvo as asignadas especificamente a outras concellerías.

TENENTE DE ALCALDE E CONCELLEIRO DE ECONOMÍA E FACENDA: EMILIO MACEIRAS LÓPEZ

Delegación xenérica en materia de asuntos económicos e facenda tanto en materia de ingresos como de gastos e salvo as competencias plenas ao respecto daquelas que se reserva a Alcaldía para o ditado dos actos de recoñecemento de obrigas.

Inclúe a planificación económica e financeira, xestión orzamentaria e política fiscal, coordinando a formación dos proxectos de orzamentos municipais e a elaboración de plans estratéxicos.

Asemade, delégase a competencia para a execución do pago material contra as contas de titularidade municipal, así coma a firma da documentación xerada polo sistema informático de contabilidade relativo as distintas fases de execución orzamentaria.

TENENTE DE ALCALDE DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO, TURISMO E NOVAS TECNOLOXÍAS: DONA PATRICIA AMADO VARELA

En materia de contratación a delegación abranguerá a totalidade dos actos de coordinación, impulso e dirección da contratación administrativa, salvo a facultade de formalización dos contratos.

A concelleira delegada en materia de contratación asumirá a presidencia nas mesas de contratación e órganos de asistencia aos órganos de contratación.

En materia de patrimonio, a delegación abranguerá o impulso da formación e actualización do inventario de bens e dereitos; a realización de cantas actuacións sexan necesarias para a inscrición nos rexistros públicos dos bens e dereitos municipais; o exercicio das potestades administrativas de natureza patrimonial; a tramitación e perfección de todo negocio xurídico sobre bens inmoables que deba ir precedido da tramitación dun expediente de licitación, tales coma compravenda e arrendamento de bens patrimoniais ou concesións demaniais e o outorgamento daquelas autorizacións demaniais non atribuídas expresamente as restantes concellerías.

Asumirá a delegación xenérica das competencias municipais en materia de consumo, así coma a promoción turística do concello e a competencia en materia de novas tecnoloxías e administración electrónica.

TENENTE DE ALCALDE E CONCELEIRO DE OBRAS: JOSÉ MANUEL CAAMAÑO VARELA

Delegación xenérica da xestión das obras públicas municipais.

A delegación abrangue a solicitude das autorizacións, permisos e licencias sectoriais así coma a prestación das comunicacións previas e declaracións responsables necesarias para a execución das obras públicas.

TENENTE DE ALCALDE E CONCELEIRO DE URBANISMO: DON LUIS ALBERTO CASTRO CALVETE

Delegación xenérica en materia de urbanismo, que abrangue tanto o eido da planificación, coma a xestión e intervención.

Abrangue, polo tanto, a levanza do rexistro de solares, así coma as expropiacións forzosas derivadas de actuacións urbanísticas sistemáticas.

Será asemade competente para o outorgamento de autorizacións de ocupación do dominio público de duración superior a sete días; outorgamento das autorizacións da ocupación do dominio público por medio de pasos nas beirarrúas (vados); a concesión das autorizacións da ocupación do dominio público por empresas subministradoras de luz, gas, telefonía, así como as ocupacións de dominio público relacionadas directamente con expedientes de concesión de licenza ou comunicación previa, tales como ocupación por medio de guindastres, estadas ou colectores de xestores autorizados de residuos da construción e demolición, entre outros, sempre que se atopen afectos a unha obra ou actividade para a cal o servizo de urbanismo concedeu ou se atopa en tramitación da oportuna autorización ou licenza urbanística, ou no seu caso de comunicación previa ou declaración responsable.

QUINTO: En canto ás restantes materias e competencias municipais non delegadas no punto anterior e non expresamente atribuídas ao Pleno da corporación ou delegadas na Xunta de Goberno Local, o Sr. Alcalde asume a totalidade das mesmas, sen perxuízo de que

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

para a xestión ordinaria de determinados asuntos concretos se efectúen as seguintes delegacións especiais para cometidos específicos, nos seguintes concelleiros e concelleiras que non forman parte da Xunta de Goberno Local.

Sobre os seguintes asuntos a Alcaldía terá a facultade de exercer a supervisión das mesmas, delegando exclusivamente os seguintes asuntos concretos:

CONCELLEIRO CON DELEGACIÓN ESPECIAL DE MEDIO AMBIENTE: DON VÍCTOR MERELAS GARCÍA

Delegación especial en materia de conservación e mellora do medio ambiente, que abranguerá a xestión e posta en valor dos espazos naturais protexidos, conservación de áreas medioambientais e de desenvolvemento rural. Asumirá a xestión da biomasa; a promoción de áreas de recreo, parques e xardíns e praias, así como a ordenación regulamentaria e a disciplina medioambiental. Inclúe o control de pragas e a disciplina urbanística.

Será competente para o outorgamento de licenzas e a xestión do rexistro para a posesión de animais domésticos e potencialmente perigosos.

CONCELLEIRO CON DELEGACIÓN ESPECIAL DE MEDIO URBANO E RURAL: DON JOSÉ ANTONIO CALVELO AÑÓN

Delegación especial en materia de obras ata o límite do contrato menor, calquera que sexa o destino ou finalidade das mesmas, salvo as atribuídas de xeito expreso a outras concellerías. Asumirá o mantemento dos edificios, locais, instalacións, viais e sendas coa salvidade dos inmobles afectos a servizos educativos e deportivos.

Incluirá a delegación da dirección, xestión, inspección e impulso dos servizos de alumeadado público municipal e mobilidade.

A delegación tamén abrangue a tramitación dos expedientes de expropiación forzosa que non traian causa de un sistema de xestión urbanística.

CONCELLEIRA CON DELEGACIÓN ESPECIAL DE DEPORTES: DONA PURIFICACIÓN ZAS RODRÍGUEZ

Asume a delegación especial para o cometido específico de levar a cabo as relacións cos clubs deportivos, a coordinación e xestión administrativa ordinaria das escolas deportivas municipais, o mantemento das instalacións deportivas, a autorización de uso das mesmas por tempo limitado á realización dun evento deportivo concreto, que en todo caso non será superior a unha semana de duración, así como a proposta de outorgamento das subvencións, e de aprobación das bases reguladoras das mesmas, e convenios coas distintas entidades deportivas do concello, propoñendo os acordos necesarios á xunta de goberno en asuntos de deportes competencia deste órgano.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

CONCELLEIRO CON DELEGACIÓN ESPECIAL DE SERVIZOS MUNICIPAIS: DON JOSÉ MANUEL PENA SANMARTÍN

Asume a delegación especial para o cometido específico de levar a cabo dirección, xestión, inspección e impulso dos servizos municipais de lixo, e limpeza e conserxería de edificios municipais; limpeza de praias e supervisión e inspección das subministracións de combustible que se xeren en calquera servizo municipal.

Delégase a supervisión, inspección e dirección do servizo de limpeza viaria encomendado a SUMARTE.

CONCELLEIRA CON DELEGACIÓN ESPECIAL DE CULTURA E XUVENTUDE: MARÍA DOLORES DUBRA LÓPEZ

Asume a delegación especial para o cometido específico de levar a cabo a coordinación das actividades culturais organizadas polo concello, así como a proposta de aprobación das bases reguladoras das subvencións ás entidades culturais do concello de Arteixo así coma a proposta de outorgamento.

Esta delegación especial abrangue a impulsión, xestión, dirección e formulación de propostas de actuación no eido competencial de cultura.

Implementará unha real participación da xuventude nos asuntos públicos do municipio, e asumirá a organización de actividades especificamente orientadas a este colectivo cidadá.

Inclúe a dirección, xestión, inspección e impulso do servizo de biblioteca municipal.

CONCELLEIRO CON DELEGACIÓN ESPECIAL DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E FESTAS: DON ÁNGEL VÁZQUEZ SANDE

Delegación especial para os cometidos específicos incluídos na materia de promoción económica, adoptando todas as medidas e dispoñendo de todos os recursos municipais para favorecer a xeración de emprego, incluíndo as relacións co tecido industrial e empresarial e a formación ocupacional así como a orientación laboral.

Asumirá a xestión, impulsión, dirección e inspección do plans experimentais de emprego, dos convenios de prácticas con entidades empresariais, e a adopción de programas e recursos de emprendemento e creación de emprego autónomo e micro empresas. Xestiona os plans de formación e os programas de cooperación así como as escolas obradoiro. Asume a promoción do comercio, e a organización de feiras do concello.

Delégase nesta concellería a tramitación de expedientes de espectáculos públicos e actividades recreativas que promovan as comisións de festas, cidadáns ou asociacións de veciños e que non teñan natureza deportiva, así coma o outorgamento das autorizacións

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

demaniais necesarias para a súa celebración, previa coordinación coa concellería de persoal e seguridade cidadá. Asumirá a organización da Festa das Flores e máis das festas do Santiago Apóstolo.

Asumirá a tramitación das axudas ao desprazamento por asistencia a cursos de formación.

SEXTO.- A delegación de atribucións requirirá, para ser eficaz, a súa aceptación por parte do delegado. A delegación entenderase aceptada tacitamente se no termo de tres días hábiles contados desde a notificación do mesmo o destinatario da delegación non fai manifestación expresa ante o órgano delegante de que non acepta a delegación. A revogación ou modificación das delegacións haberán de adoptarse coas mesmas formalidades que as esixidas para o seu outorgamento.

SÉPTIMO.- A presente Resolución entrará en vigor o día seguinte á súa firma, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, notificarase persoalmente aos designados, debendo dar conta do mesmo ao Pleno Municipal na primeira sesión que celebre ao abeiro do preceptuado no artigo 38 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais”.

En Arteixo, asinado dixitalmente polo Alcalde D. Carlos Calvelo Martínez, do que eu, José María Vázquez Pita, como Secretario Xeral, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).